COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

PROPOSTA DO COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA PARA QUE A CIDADANÍA COÑEZA AS OFERTAS ELECTORAIS

O CPXG defendeu desde sempre os debates entre as distintas ofertas electorais como unha das condicións necesarias para que a cidadanía tome libremente a súa opción de voto. Debates que se desenvolvan como exposición e contraste de propostas e de argumentos e non como loitas dialécticas destinadas a crear espectáculo, nin tampouco como unha sucesión de ríxidos e constrinxidos monólogos ou relatorios de intercambio de acusacións.

Para tentar que ese obxectivo sexa posible, o CPXG propón que os debates se produzan baixo estas circunstancias.

- O criterio básico e principal que debe primar é o do interese cidadá, é dicir, **o dereito da cidadanía a ser informada das distintas opcións políticas entre as que pode optar o 24 de maio**. O dereito de cada candidaturas a expoñer o seu ideario xa o desenvolven polos seus propios medios, e polos que pon a normativa á súa disposición, ao longo da campaña.
- Por esa razón, as candidaturas que deben participar son aquelas que teñan interese informativo para a maioría dos electores, ou sexa, aquelas que teñan posibilidades de ter representación en cada concello a partir do 25 de maio.
- Quen e cantos participan debería ser obxecto de acordo. Non obstante, se non se constrúe un consenso, o CPXG resérvase a posibilidade de organizar os debates que considere poidan ter interese cidadán, informando á cidadanía das circunstancias que motivaron as ausencias que puideron ter lugar.
- No caso de desacordos, e de ser necesario, os debates celebraríanse antes da campaña para evitar posibles reclamacións ante as Xuntas Electorais (o que as principais organizacións profesionais de Europa, entre elas o CPXG e o Col.legi de Periodistes de Catalunya, que ten interposto accións legais contra os bloques electorais, na actualidade perante o Tribunal de Estrasburgo, consideran unha inxerencia na independencia informativa e no desenvolvemento da profesión)
- O debate debe ser un acontecemento social en si mesmo, non exclusivamente unha cita nun medio de comunicación. Débese celebrar nun sitio aberto ao público –co invitación facilitada polos partidos e os medios- e se é o caso, patrocinado por unha entidade cívica ou cultural.
- O debate será aberto á retransmisión, parcial ou por completa, por calquera medio que o solicite. O CPXG encargarase tamén da súa difusión en redes sociais.
- O debate será conducido por un moderador/a escollido por consenso, co suficiente prestixio e autoridade como para que sexa el/ela quen dirixa o acto, e non a deriva da discusión.
- Os temas a debate son os que son que atinxen á veciñanza de cada localidade e os que preocupan á cidadanía de Galicia.

COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA (CPXG)
SAN PEDRO DE MEZONZO, 36, 1º 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 93 56 70 Fax 981 93 56 69
xornalistas@xornalistas.com www.xornalistas.gal